



## **III XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO**

### **03 de FEBREIRO de 2018**

A Delegación Lucense de atletismo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 1ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO en pista cuberta, o **SÁBADO 03 de febreiro de 2018, en xornada de mañá e tarde**, no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

### **REGULAMENTO**

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **cadete a veteráns**.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal.
- **Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 10€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo.**

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata **as 22:00 horas do XOVES anterior** á celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

**Art. 3.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art. 4.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.  
Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art. 5.** Non se homologarán artefactos o mesmo día da proba.

**Art. 6.** O **acceso ao módulo** será **restrinxido**, existindo cámara de chamadas. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un **email** a [delegacionfgalugo@gmail.com](mailto:delegacionfgalugo@gmail.com) ata o martes 30 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.



**Art. 7. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca.** As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 8 FINALES 60 M.L.** Clasificaránse para a final as 18 mellores marcas das series previas.

### Art. 9. HORARIO

HOMES	HORA	MULLERES
<b>HORARIO MAÑÁ</b>		
	12:30	600 ml (cad)
600 ml (cad)	12:40	
	12:50	
400 ml (xuv - sen)	13:00	400 ml (xuv - sen)
	13:15	
3000 ml (cad - sen)	13:30	3000 ml (cad - sen)
	13:50	
800 ml (xuv - sen)	14:00	800 ml (xuv - sen)
<b>HORARIO TARDE</b>		
LONXITUDE (cad - xun)	16:45	
60 mv cad (0.91)	17:00	ALTURA (cad - sen)
60 mv xuv (0.91)	17:10	
60 mv xun (0.99)	17:20	
60 mv sen (1.06)	17:20	
	17:30	60 mv (0.76)
	17:45	60 mv (0.84)
60 ml - (cad - sen)	18:00	LONXITUDE (cad - xun)
ALTURA (cad - sen)	18:30	60 ml - (cad - sen)
<b>LONXITUDE elite (cad - sen)</b>	19:30	<b>LONXITUDE elite (cad - sen)</b>
60 ml - FINAL A,B,C	19:50	
	20:00	60 ml - FINAL A,B,C

**Art. 10.** Na proba de salto de lonxitude limitarase a participación as mellores 18 marcas inscritas de cada sexo de ata a categoría xunior. Tendo todos os participantes 4 saltos.

A proba de **salto de lonxitude elite** estará reservada para as 6 mellores marcas inscritas tanto da categoría masculina como feminina. Os atletas terán 3 saltos + 3 de mellora para os 4 mellores atletas masculinos e femininos.

### Art. 11. CADENCIAS

salto altura masculina: 1.30-40-50-55-60....75-78-81....  
salto altura feminina: 1.20-30-35-40-45-48-51-54....



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



**Art. 12.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 26 de Xaneiro de 2017

Asdo. José Manuel Peña Rodríguez

Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

PATROCINA:



COLABORAN:

